

2.5. ■ ■ desenvolvemento empresarial

■ O capítulo dedicado á análise do desenvolvemento empresarial está dividido en tres grandes partes. A primeira delas analiza o número de empresas existentes en Galicia segundo os datos do Directorio Central de Empresas (Dirce)¹ do INE e do Directorio de Empresas e Unidades Locais de Galicia 2001 publicado polo IGE.

Como aspecto salientable, entre o 31 de decembro de 2001 e 2002 o número de empresas activas en Galicia experimentou unha medra do 5,0% (8.351 empresas máis). Os datos do INE amosan que a 31 de decembro de 2002 había en Galicia un total de 174.077 empresas activas (o 6,2% do total de empresas existentes en España). Atendendo á condición xurídica das sociedades, dúas terceiras partes das mesmas corresponden a persoas físicas, seguíndolle en importancia as SRL, que supoñen en torno ó 25% das empresas. Un 77,6% das empresas (135.095 empresas) per-

tencen ó sector servicios e un 13,8%, ó sector da construción (23.985 empresas).

Segundo o *Directorio de Empresas de Galicia* presentado polo IGE, do total das 172.344 empresas que realizan algunha actividade en Galicia a 1 de xaneiro 2001 (un 2,2% máis que no mesmo período do ano anterior), tiñan a súa sede social no territorio galego 169.354 empresas, e 2.990 a tiñan fóra de Galicia.

Na segunda parte faise referencia ós datos presentados polo Rexistro Mercantil Central, salientando que no ano 2002 constituíronse en Galicia un total de 5.333 sociedades (que supuñan o 4,5% das sociedades constituídas en España). Comparado co ano anterior, experimentase unha medra no número de constituicións de sociedades dun 12,6% (596 sociedades máis). A meirande parte das empresas creadas en Galicia

1) O Dirce cubre tódalas actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servicios administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das Comunidades de propietarios e o Servicio doméstico. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ámbalas dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

Empresas existentes nas CC.AA. 2001-02 ⁽¹⁾

	2001		2002		02/01	
	CA / total	(%)	CA / total	(%)	CA / total	(%)
Andalucía	398.302	14,7	417.006	14,8	18.704	4,7
Aragón	81.533	3,0	82.750	2,9	1.217	1,5
Asturias	63.209	2,3	65.062	2,3	1.853	2,9
Baleares	73.358	2,7	75.951	2,7	2.593	3,5
Canarias	113.165	4,2	117.871	4,2	4.706	4,2
Cantabria	33.017	1,2	34.017	1,2	1.000	3,0
Castela-A Mancha	100.492	3,7	107.294	3,8	6.802	6,8
Castela e León	147.496	5,4	151.448	5,4	3.952	2,7
Cataluña	515.173	19,0	525.557	18,7	10.384	2,0
C. Valenciana	288.408	10,6	299.452	10,6	11.044	3,8
Extremadura	57.419	2,1	58.306	2,1	887	1,5
Galicia	165.726	6,1	174.077	6,2	8.351	5,0
Madrid	384.638	14,2	407.655	14,5	23.017	6,0
Murcia	72.547	2,7	75.973	2,7	3.426	4,7
Navarra	37.333	1,4	38.936	1,4	1.603	4,3
País Vasco	152.211	5,6	154.703	5,5	2.492	1,6
A Rioxa	19.499	0,7	20.094	0,7	595	3,1
Ceuta e Melilla	6.874	0,3	7.007	0,2	133	1,9
Total	2.710.400	100	2.813.159	100	102.759	3,8

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro do ano seguinte
Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

tivo a forma de sociedade limitada (o 90,9%) e só un 2,0% foron sociedades anónimas. Neste ano 2002 rexistráronse sete suspensións de pagamentos, o 3,7% das producidas en España, e trece quebras, un 2,1% das acontecidas no conxunto do Estado.

Finalmente, tendo en conta a metodoloxía seguida por Ardán, analízanse distintos cualificadores dos trazos de competitividade das empresas galegas, agrupándoas en “empresas gacela”, “empresas de alto rendemento”, “empresas xeradoras de riqueza” ou “empresas de alta produtividade”. Asemade, preséntanse unha serie de datos de empresas con certificación de calidade.

Datos Dirce

O número de **empresas activas** en Galicia a 31 de decembro de 2002 acadou as 174.077 empresas, o que representa o 6,2% do total de empresas activas nese período no conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia segue a se-la quinta comunidade con maior número de empresas, tras Cataluña (acolle o 18,7% das empresas españolas), Andalucía (o 14,8%), Madrid (o 14,5%) e a Comunidade Valenciana (10,6%).

Ó contrario do acontecido no ano anterior en Galicia, ó longo do ano 2002 aumentou o núme-

ro de empresas activas un 5,0% (8.351 empresas máis), fronte ó 3,8% experimentado no conxunto de España. Comparado coas outras comunidades autónomas, o **cadro 2.5.1.** reflicte que as catro comunidades mencionadas no parágrafo anterior presentan, en termos absolutos, unha medra superior á rexistrada en Galicia, aínda que en termos relativos, tan só Castela A Mancha e Madrid, cun 6,8% e un 6,0%, respectivamente, presentan unha medra superior.

A provincia de A Coruña é a que acolle o maior número de empresas a 31 de decembro de 2002, con 71.748 empresas (o 41,2% do total de empresas existentes), seguida de Pontevedra, con 58.373 empresas (33,5%), en tanto que Lugo e Ourense tiñan 22.396 (12,9%) e 21.560 (12,4%), respectivamente. Comparado coas cifras do ano anterior, o número de empresas medra nas catro provincias galegas, salientando o crecemento experimentado na provincia de A Coruña, con 5.472 empresas (un 8,3% máis).

Atendendo á súa **distribución sectorial**, o sector servizos acolle un total de 135.095 empresas (53.732 pertencentes ó subsector comercio), o 77,6% do total de empresas, fronte ás 23.985 empresas do sector da construción (un 13,8%) e 14.997 empresas industriais (8,6%). No conxunto do Estado estas porcentaxes representan o 78,3% no sector servizos e o

Ramas de actividades empresariais máis importantes 2001-02 ⁽¹⁾

CNAE	Ramas de actividade	2001	2002	02/01
		(número de empresas)		
45	Construcción Construcción xeral de inmobles e obras de enxeñería civil	12.491	13.442	951
52	Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos pessoais e enseres domésticos			
	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	5.617	3.195	-2.422
	Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.204	6.824	1.620
	Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	17.206	18.866	1.660
55	Hostelería Establecementos de bebidas	15.574	16.212	638
60	Transporte terrestre. Transporte por tuberías Outro tipo de transporte terrestre	12.079	12.152	73
74	Outras actividades empresariais Actividades xurídicas, de contabilidade, teneduría de libros, auditoría, asesoría fiscal, estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública; consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial, xestión de sociedades de carteira.	7.091	7.781	690

(1) os datos están referidos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

12,8% e 8,8% no caso das empresas de construción e da industria.

Comparado co ano anterior, a medra do número de empresas rexístrase en tódolos sectores, salientando o do sector comercio, con 6.782 empresas máis (un 5,3%), e o industrial, con 1.371 empresas máis (6,1% máis que no ano anterior).

Atendendo á desagregación por **ramas de actividade**, **cadro 2.5.2.**, as tres ramas de actividade máis importantes segundo o número de empresas son, ó igual que no ano anterior, as de “outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados”, con 18.866 empresas en 2002, “establecementos de bebidas”, con 16.212 empresas, e “construcción de inmobles e obras de enxeñería civil”, con 13.442 empresas. Estas tres ramas de actividade concentran o 27,9% das empresas recollidas no Dirce.

No concernente ó **tamaño** das empresas galegas e a súa comparación co total estatal, o Dirce sinala que o 50,4% das empresas galegas son empresas sen asalariados (87.722 firmas), fronte ó 51,9% no ámbito estatal. Das empresas con asalariados, en Galicia un 59,8% teñen un ou dous traballadores (51.642 empresas) e un 20,8% (18.005 empresas) teñen entre tres e cinco traballadores. No conxunto do Estado, estas porcentaxes son do 56,2% e do 21,1%, respectivamente.

Ó longo do ano 2002 o volume total de empresas medrou tanto no caso das empresas sen asalariados (3.726 empresas máis) como no das empresas con asalariados (con 4.625 empresas). Neste último caso cómpre salientalo crecemento experimentado polo número de empresas con un ou dous traballadores, con 3.436 empresas máis. Os tres sectores considerados presentan unha medra no número de empresas sen asalariados, en tanto que no caso das empresas con asalariados, estas descendeen no caso do sector industrial, con 6 empresas menos. O número de empresas de servizos medrou en 6.782 empresas (4.010 empresas con asalariados), sendo de 1.371 empresas no caso da construción (621 empresas con asalariados) e de 198 no caso da industria.

Atendendo á **distribución provincial** cómpre salientar, por unha banda, que A Coruña presenta o maior número de empresas nos diferentes niveis de asalariados considerados no **cadro 2.5.3**. Comparado co ano anterior, o número total de empresas con asalariados medra en tódalas provincias agás en Lugo, onde o número de empresas con asalariados cae en 21 empresas. A Coruña presenta o maior incremento tanto no caso de empresas sen asalariados como con conxunto de empresas con asalariados, con 2.251 e 3.221 empresas máis. En Pontevedra, o número de empresas sen asalariados aumenta en 1.619 empresas, e o de empresas con asalariados, consideradas no seu conxunto, crece en 46 empresas.

CADRO 2.5.3.

Empresas existentes en Galicia e España 2002: distribución segundo tamaño das empresas

	Galicia					España	G/E
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Sin asalariados	87.722	37.609	11.159	11.356	27.598	1.459.938	6,0
De 1 a 2 asalariados	51.642	20.205	7.178	6.368	17.891	760.515	6,8
De 3 a 5 asalariados	18.005	7.152	2.290	2.096	6.467	285.651	6,3
De 6 a 9 asalariados	7.779	3.042	923	870	2.944	136.679	5,7
De 10 a 19 asalariados	5.099	2.097	528	523	1.951	93.823	5,4
De 20 a 49 asalariados	2.722	1.137	251	246	1.088	51.619	5,3
De 50 a 99 asalariados	640	284	37	63	256	13.486	4,7
De 100 a 199 asalariados	265	120	20	21	104	6.402	4,1
De 200 a 499 asalariados	142	70	8	10	54	3.540	4,0
De 500 a 999 asalariados	32	15	1	6	10	878	3,6
De 1.000 a 4.999 asalariados	27	16	1	1	9	550	4,9
Máis de 5.000 asalariados	2	1	-	-	1	78	2,6
Total	174.077	71.748	22.396	21.560	58.373	2.813.159	6,2

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

Os datos do Dirce reflicten o predominio da **condición xurídica** de persoas físicas que representa, **cadro C.2.15.** (*Empresas existentes 2002: distribución segundo a súa condición xurídica*) o 64,2% do total de empresas existentes en Galicia (111.820 empresas), fronte ó 26,2% (45.604 empresas) das sociedades de responsabilidade limitada ou o 2,3% (4.065 empresas) no caso das sociedades anónimas. Comparado co total estatal, o peso relativo das persoas físicas é do 6,0% (6,5% no ano anterior), o das sociedades anónimas, do 3,3% (3,2% en 2001), e no caso das SRL a súa importancia relativa a 31 de decembro de 2002 mantense no 5,9%.

En relación ó ano anterior, o incremento no número de empresas existente ven explicado fundamentalmente pola medra das empresas coa condición xurídica de persoas físicas, con 3.789 empresas máis, e das sociedades de responsabilidade limitada, con 3.327 empresas máis.

Asemade, no caso da distribución provincial, cómpre salientar, por unha banda, a medra rexistrada en tódalas condicións xurídicas consideradas no caso das provincias de A Coruña e Pontevedra. Doutra, descende o número de sociedades anónimas en Lugo e Ourense (-7 e -2 S.A. menos, respectivamente) e de com. de bienes en Ourense (10 menos).

Segundo o *Directorio de Empresas de Galicia* (fonte: IGE), do total das 172.344 empresas que realizan algunha actividade en Galicia a 1 de xaneiro 2001, tiñan a súa sede social no terri-

torio galego 169.354 empresas, e 2.990 a tiñan fóra de Galicia. Comparado co ano anterior, o número de empresas aumenta un 2,2% (3.728 máis que en 2000), incremento que chega ó 16,8% no caso das empresas con sede fóra de Galicia (429 empresas máis).

Atendendo á distribución sectorial, o **cadro 2.5.4.** amosa que case unha terceira parte das empresas que realizan algunha actividade no territorio galego pertencen ó grupo de “venta, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico”. Séguenlle en importancia as empresas pertencentes ás ramas de “actividades inmobiliarias e de alugueiro; servicios empresariais” (14,4%), “construcción” (12,7%) e “hostalería” (12,3%). Nas catro provincias galegas, a principal rama de actividade en canto ó número de empresas se refire é o da “venta, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico”, seguíndolle en importancia a rama de “actividades inmobiliarias e de alugueiro; servicios empresariais” nas provincias de Pontevedra e A Coruña, en tanto que nas provincias de Lugo e Ourense, a segunda rama de actividade máis importante en canto ó número de empresas é a de “construcción”.

Datos do Rexistro Mercantil

O número de sociedades mercantís constituídas en Galicia experimentou ó longo do ano 2002 unha medra de 596 sociedades máis que en 2001 (un 12,6% máis). O **cadro C.2.16.**

CADRO 2.5.4.

Empresas existentes a 1/1/2001: distribución segundo ramas de actividad ⁽¹⁾

	2000				2001				Total	
	Galicia	Fóra de Galicia	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia		Fóra de Galicia
Industrias extractivas										
Extracción de productos enerxéticos	402	12	414	58	83	91	188	420	13	433
Extracción doutros produtos minerais agás produtos enerxéticos	8	-	8	2	6	-	-	8	1	9
	394	11	405	56	77	91	188	412	12	424
Industria manufacturera										
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	14.268	158	14.426	5.795	1.873	2.099	4.680	14.447	174	14.621
Industria téxtil e da confección	2.797	38	2.835	967	457	600	776	2.800	39	2.839
Industria do coiro e do calzado	1.902	2	1.904	1.085	108	184	520	1.897	1	1.898
Industria da madeira e da cortiza	64	-	64	29	14	14	13	70	-	70
Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1.904	4	1.908	658	260	307	640	1.865	6	1.871
Refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	937	19	956	471	76	57	378	982	25	1.007
Industria química	-	2	2	-	-	-	-	-	2	2
Industria da transformación do caucho e materias plásticas	161	6	167	68	11	23	66	168	7	175
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	204	7	211	71	18	25	99	213	7	220
Metallería e fabricación de produtos metálicos	1.017	18	1.035	339	148	191	381	1.059	18	1.077
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	2.332	20	2.352	855	390	364	799	2.408	19	2.427
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	484	17	501	203	77	37	188	505	18	523
Fabricación de material de transporte	455	6	461	195	48	59	164	466	9	475
Industrias manufactureras diversas	491	12	503	159	45	19	285	508	14	522
	1.520	7	1.527	695	221	219	371	1.506	9	1.515
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga										
Construción	126	33	159	91	20	11	27	149	36	185
	20.979	324	21.303	8.288	2.989	3.592	6.652	21.521	390	21.911
Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico										
Hostalería	53.800	893	54.693	21.783	6.990	6.504	18.706	53.983	1.064	55.047
Transporte, almacenamento e comunicacións	20.853	98	20.951	9.242	2.738	2.651	6.454	21.085	121	21.206
Intermediación financeira	13.362	192	13.554	5.220	2.042	1.492	4.295	13.049	203	13.252
Actividades inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais	2.292	175	2.467	1.074	329	283	734	2.420	176	2.596
Educación	22.902	498	23.400	11.285	2.620	2.567	7.816	24.288	592	24.880
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	2.601	38	2.639	1.244	295	279	914	2.732	48	2.780
Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais	5.459	42	5.501	2.560	818	555	1.753	5.686	53	5.739
	9.011	98	9.109	4.220	1.230	1.087	3.037	9.574	120	9.694
Total	166.055	2.561	168.616	70.860	22.027	21.211	55.256	169.354	2.990	172.344

(1) empresas con sede social en Galicia que na data de referencia realizan algunha actividade económica no territorio galego
Fonte: /GE, Directorio de Empresas de Galicia

CADRO 2.5.5.

Sociedades que suspendieron pagamentos nas CC.AA. 2001-02: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
Andalucía	6	9	4	10	-	-	10	19
Aragón	5	1	1	4	2	2	8	7
Asturias	3	-	3	5	-	-	6	5
Baleares	-	-	-	-	-	-	-	-
Canarias	2	-	1	1	-	-	3	1
Cantabria	1	-	-	-	-	-	1	-
Castela - A Mancha	4	2	1	4	-	1	5	7
Castela e León	3	4	5	7	-	-	8	11
Cataluña	34	29	16	29	-	-	50	58
C. Valenciana	3	10	7	16	-	-	10	26
Estremadura	-	4	1	2	-	-	1	6
Galicia	-	5	4	2	-	-	4	7
Madrid	15	13	14	8	1	3	30	24
Murcia	-	-	2	1	-	-	2	1
Navarra	-	-	-	-	-	-	-	-
Pais Vasco	11	5	5	10	-	1	16	16
A Rioxa	1	-	1	-	-	-	2	-
Total	88	82	65	99	3	7	156	188

Fonte: Registro Mercantil Central

(Sociedades constituídas nas CC.AA. 2001-02: distribución segundo a súa forma xurídica) reflicte que no último ano constituíronse en Galicia un total de 5.333 sociedades mercantís (o 4,5% do total de sociedades mercantís constituídas no conxunto do Estado), sendo a sexta comunidade autónoma en canto ó número de sociedades creadas. Neste ano catro comunidades autónomas –Cataluña, Madrid, Andalucía e C. Valenciana– acollen o 67,5% do total das novas sociedades.

O capital subscrito polo conxunto de sociedades constituídas en Galicia no 2002 ascendeu a 269,8 millóns de euros, do que foi desembolsado un total de 263,4 millóns de euros.

O devandito **cadro C.2.16.** reflicte que, comparado coas outras comunidades autónomas, o incremento do número de sociedades constituídas en Galicia tan só é superado polo rexistrado en Madrid (2.627 sociedades máis), Andalucía (1.768 sociedades), a C. Valenciana (984 sociedades) e Cataluña (835 sociedades).

Atendendo á desagregación provincial, A Coruña e Pontevedra acollen, ó igual que en 2001, o 81,7% das sociedades constituídas en Galicia. A diferenza do acontecido ó longo do ano 2001, no ano 2002 medra o número de sociedades constituídas en Pontevedra (486), Ourense (73) e Lugo (37), permanecendo constante en A Coruña.

Se se considera como indicador da taxa de creación de empresas a ratio “número de sociedades constituídas/10.000 habitantes”, as comunidades autónomas de Baleares, Canarias, Cataluña, C. Valenciana e Madrid presentan, ó igual que acontecera en 2001, unha ratio superior á media estatal. Esta taxa de creación de empresas en Galicia acada un valor de 19,5 (28,7 no conxunto do Estado), o que a sitúa, ó igual que no ano anterior, tan só por diante de Asturias, Castela e León e Estremadura. No ano 2001, eses valores eran de 17,3 e de 27,6 sociedades por cada 10.000 empresas, respectivamente.

O número de **suspensións de pagamentos** rexistradas en Galicia aumentou ó longo do ano 2002, rexistrándose un total de sete suspensións fronte ás catro do ano anterior. Destas sete suspensións, **cadro 2.5.5.**, cinco corresponden a sociedades anónimas e dúas a sociedades limitadas, estando xxx delas en A Coruña e as outras xxx en Pontevedra. O peso relativo das suspensións rexistradas no total estatal foi do 3,7%, fronte ó 2,6% do ano 2001.

No concernente ás **quebras** de sociedades, **cadro 2.5.6.**, no ano 2002 rexistráronse un total de trece quebras, o que significa que Galicia acolle o 2,1% do total das quebras rexistradas no conxunto do Estado. Destas quebras, dez corresponden a sociedades limitadas e tres, a S.A.

Por provincias, A Coruña rexistra o maior

CADRO 2.5.6.
Quebras de sociedades nas CC.AA. 2001-02: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
Andalucía	6	4	11	10	2	4	19	18
Aragón	2	5	5	6	2	5	9	16
Asturias	6	5	8	11	1	5	15	21
Baleares	3	2	9	12	3	3	15	17
Canarias	2	1	3	4	-	1	5	6
Cantabria	2	-	-	1	-	-	2	1
Castela - A Mancha	1	1	4	8	-	-	5	9
Castela e León	3	7	4	14	2	2	9	23
Cataluña	78	74	136	190	3	4	217	268
C. Valenciana	3	10	23	22	3	5	29	37
Estremadura	4	1	3	1	1	-	8	2
Galicia	5	3	4	10	1	-	10	13
Madrid	29	35	35	37	3	14	67	86
Murcia	3	3	6	1	-	-	9	4
Navarra	-	-	-	-	-	-	-	-
País Vasco	17	24	22	53	9	12	48	89
A Rioxa	3	-	1	2	-	1	4	3
Total	167	175	274	382	30	56	471	613

Fonte: Registro Mercantil Central

CADRO 2.5.7.
Disolucións de sociedades nas CC.AA. 2001-02: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
Andalucía	134	304	662	801	23	207	819	1.312
Aragón	58	46	218	288	14	75	290	409
Asturias	25	26	115	140	10	56	150	222
Baleares	83	103	231	306	7	48	321	457
Canarias	34	37	180	251	6	72	220	360
Cantabria	8	22	23	51	1	37	32	110
Castela - A Mancha	26	22	204	239	9	73	239	334
Castela e León	54	59	284	317	8	78	346	454
Cataluña	637	661	1.892	884	81	104	2.610	1.649
C. Valenciana	139	120	909	944	40	312	1.088	1.376
Estremadura	23	20	92	120	4	46	119	186
Galicia	70	51	254	344	8	87	332	482
Madrid	678	799	1.271	1.410	215	563	2.164	2.772
Murcia	24	1.287	158	157	2	80	184	1.524
Navarra	40	32	74	95	11	8	125	135
País Vasco	190	192	478	504	28	115	696	811
A Rioxa	24	19	73	49	-	7	97	75
Ceuta e Melilla	-	-	14	-	-	-	14	-
Total	2.247	3.800	7.132	6.900	467	1.968	9.846	12.668

Fonte: Registro Mercantil Central

número de quebras de sociedades, con oito, seguida de Pontevedra, con tres, e de Ourense, con dúas quebras.

Finalmente, no ano 2002 producíronse en Galicia 482 **disolucións** de sociedades mercantís, o que representa o 3,8% do total das disolucións rexistradas en España. Atendendo á súa forma xurídica, 344 disolucións corresponderon a sociedades limitadas (o 71,4%) mentres que as disolucións de sociedades anónimas ascendeu a 51 (un 10,6%). Por provincias, o maior número rexis-

trouse en A Coruña, con 201 disolucións, seguida de Pontevedra, con 184, e de Ourense e Lugo, con 52 e 45, respectivamente.

Trazos de competitividade das empresas galegas

A análise dos trazos de competitividade das empresas galegas partirá dos datos das empresas seleccionadas por Ardán en función dos seguintes criterios: empresas que teñen a súa sede social en Galicia, que a súa facturación excede de

CADRO 2.5.8.

Trazos de competitividade das empresas galegas 1999-01

	Empresas Gacela (1)		Empresas de alto rendimento (2)		Empresas xeradoras de riqueza (3)		Empresas de alta produtividade (4)	
	Número	(%/total)	Número	(%/total)	Número	(%/total)	Número	(%/total)
Maioristas	86	18,0	35	14,1	5	8,9	30	24,4
Fabricantes	82	17,2	62	25,0	23	41,1	20	16,3
Construcción	132	27,7	36	14,5	8	14,3	33	26,8
Detallistas	48	10,1	17	6,9	4	7,1	15	12,2
Sevicios	55	11,5	65	26,2	6	10,7	12	9,8
Transportes, comunicacións e serv. públicos	47	9,9	20	8,1	5	8,9	9	7,3
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	17	3,6	7	2,8	2	3,6	3	2,4
Minería	10	2,1	6	2,4	3	5,4	1	0,8
Total	477	100	248	100	56	100	123	100

(1) aquela empresa que aumenta o seu volume de negocio de forma continuada, durante un período de polo menos 3 anos consecutivos, cun incremento anual superior ó 25%, durante cada un dos 3 anos

(2) aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica media de polo menos o 25%, nun período mínimo de 3 anos e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica por debaixo do 15%

(3) aquela empresa que ten un valor económico engadido positivo durante o período de análise, que o VEB de 1999 sexa superior a 150.000 euros e que o crecemento do VEB debe ser do 10% durante os 3 anos de estudo

(4) aquela empresa que durante os 3 anos consecutivos obtén un VEB por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este crece por riba do 10% durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo.

Fonte: Ardán

375.000 de euros en 2001, cumpren coas súas obrigacións rexistras e se dispón de datos para tres anos consecutivos.

Seguindo a metodoloxía do servizo de información Ardán, á hora de analiza-la competitividade das empresas galegas, estas pódense dividir en empresas gacela, empresas de alto rendimento, empresas xeradoras de riqueza e, finalmente, empresas de alta produtividade.

Das 9.515 empresas que cumpren os criterios mencionados, un total de 477 empresas, analizadas desde 1999 a 2001, son consideradas **empresas gacela** (aquelas que aumentan o seu volume de negocio de forma continuada, ó longo dun período de alomenos 3 anos consecutivos, por encima do 25% de incremento anual, durante cada un dos tres anos). Destas 477 empresas, un total de 112 empresas multiplican o seu volume de negocios por máis de tres, das que 40 empresas o fan por máis de 5. O crecemento medio dos ingresos experimentado por este tipo de empresas foi, en termos relativos, de 55,7% no período 1999-2001.

Atendendo á desagregación por sectores, o **cadro 2.5.8.** reflicte que os tres sectores máis importantes son os de construción, comercio por xunto e fabricantes, que acollen ó 62,9% das empresas gacela consideradas por Ardán. No grupo das actividades de construción salientan os contratistas xerais, os promotores de obras e as

instalacións eléctricas. No grupo da distribución por xunto, cómpre destaca-los maioristas de peixes e mariscos e os de materiais para a construción, namentres que entre as actividades de fabricación salientan, segundo ó número de gacelas que reúnen, os traballos de carpintería metálica, os fabricantes de produtos elaborados con téxtiles, a construción e reparación de buques e o sector pedra traballada, mármore.

Xunto a estas empresas gacela, hai un total de 248 **empresas de alto rendimento** (aquelas que conseguen unha rendibilidade económica media de alomenos o 25%, nun período mínimo de tres anos, e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica inferior ó 15%) que presentan unha rendibilidade económica nos anos 1999, 2000 e 2001 do 41,3%, 37,0% e o 32,0%, sucesivamente.

En canto á súa distribución por sectores, o **cadro 2.5.8.** reflicte que a meirande parte das mesmas están emprazadas en dous grandes sectores, o das actividades de servicios e os de fabricación, que acollen o 51,2% das empresas consideradas de alto rendimento. No primeiro caso salientan as oficinas técnicas de enxeñaría e arquitectura, e o sector de máquinas tragaperras para recreo, así como as empresas nas actividades de asesoría e relacións públicas de empresas. No segundo caso cómpre salienta-las empresas no sector de fabricación de artigos plásticos diversos, así como na construción e reparación de

CADRO 2.5.9.
Certificación da calidade das empresas galegas 2001: distribución segundo localización e tamaño das empresas

Ingresos de explotación	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
		(%)		(%)		(%)		(%)		(%)
375.000 euros - 1 millón euros	28	7,1	10	6,8	2	8,7	2	8,3	14	6,9
1 - 3 millóns de euros	100	25,2	37	25,0	8	34,8	3	12,5	52	25,7
3 - 5 millóns de euros	65	16,4	22	14,9	4	17,4	4	16,7	35	17,3
5 - 20 millóns de euros	136	34,3	51	34,5	8	34,8	9	37,5	68	33,7
máis de 20 millóns de euros	68	17,1	28	18,9	1	4,3	6	25,0	33	16,3
Total	397	100	148	100	23	100	24	100	202	100

(1) A mostra está formada por empresas con datos de 2001 e unha facturación superior a 375.000 euros. Dada a súa peculiaridade, o estudo non incorporou nin as empresas financeiras nin os organismos oficiais.
Fonte: *Ardán*

CADRO 2.5.10.
Certificación de calidade das empresas galegas 2001: distribución segundo sector

	Nº de empresas	(% / total)
Fabricantes	189	47,6
Maioristas	53	13,4
Construcción	56	14,1
Transportes, comunicacións e servizos públicos	54	13,6
Servizos	24	6,0
Detallistas	17	4,3
Minería	3	0,8
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	1	0,3
Total	397	100

(1) A mostra obxecto de análise está composta por empresas cunha facturación superior ós 375.000 euros en 2001. Non se incorporan as empresas financeiras nin os organismos oficiais dada a súa peculiaridade.
Fonte: *Ardán*

buques e a fabricación de produtos elaborados con téxtiles.

En relación ás **empresas xeradoras de riqueza** (aquelas que cumpren os seguintes tres requisitos: crean un valor positivo para o accionista no período 99-01; o valor engadido bruto de 1999 debe ser superior ós 150.000 euros; e, finalmente, o crecemento do VEB debe ser do 10% durante os tres anos), *Ardán* considera que hai un total de 56 empresas, emprazadas principalmente no sector de fabricantes, que acolle ó 41,1% das mesmas.

Dentro destas actividades de fabricación salientan as relacionadas cos produtos elaborados con téxtiles, as prendas exteriores de punto, os licores, os alimentos preparados para animais e a torrefacción de café

Finalmente, hai que considerar un total de 123 **empresas de alta produtividade** (aquela que durante tres anos consecutivos obtén un valor engadido bruto por empregado dentro do 25%

das mellores empresas do gran sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo), emprazadas principalmente nas actividades de construción e distribución por xunto, que acollen ó 51,2% das empresas consideradas.

Xunto a estes cualificadores de distintos trazos da competitividade empresarial, os **cadros 2.5.9. e 2.5.10.** amosan unha serie de datos de empresas con certificación de calidade. Tendo en conta a mostra analizada por *Ardán* –empresas con datos de 2000 e unha facturación superior a 375.000 euros, non tendo en conta nin as empresas financeiras nin os organismos oficiais–, Pontevedra, con 202 empresas (o 50,9% das empresas con certificación de calidade consideradas na mostra), é a provincia co maior número de empresas con este indicador, seguida de A Coruña con 148 (o 37,3%).

Atendendo ó tamaño das empresas, medido en termos dos ingresos de explotación, das 397 empresas galegas con certificación de calidade

consideradas segundo a metodoloxía empregada polo Ardán, o 34,3% das empresas (136 empresas) facturaron entre cinco e vinte millóns de euros, e un 25,2% (100 empresas) entre un e tres millóns de euros.

Das empresas con razón social en Galicia que posúen a certificación de calidade, case a metade das mesmas, (o 47,6% das empresas) pertencen ó grupo dos fabricantes. Dentro deste sector, cómpre salienta-las actividades da fabricación de metal agás maquinaria e equipo de transporte (particularmente os traballos de carpintería metálica), e as actividades da industria alimentaria sobresa a fabricación de conservas de peixe e froitos de mar) e fabricación de equipos de transporte e as empresas de fabricación de metal (salientan sectores como a construción e reparación de buques) (**cadro 2.5.10.**) ■